

PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACCIÓNS ESTRATEXICAS PARA GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

As Accións Estratéxicas de Investigación (AEI-UVIGO) teñen como principal obxectivo proporcionar un escenario estable e de calidade a grupos, institutos ou centros de investigación da Universidade de Vigo para un mellor desenvolvemento das súas investigacións e actividades de transferencia posibilitando o mantemento dunha ou varias delas ou a realización de determinados proxectos, así como a proxección de futuro e o aumento do potencial investigador dos mesmos.

Esta iniciativa, como programa propio da Universidade de Vigo, encádrase ademais no mandato que a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) establece no seu Artigo 13 de fomento de investigación, desenvolvemento e transferencia.

ANTECEDENTES

No ano 2010, a Universidade de Vigo estableceu a posibilidade de que os seus grupos de investigación subscribisen contratos-programa, podendo estes recibir financiamento de diversas fontes e ter unha duración máxima de 3 anos prorrogables. Posteriormente, nos anos 2013 e 2018, avanzouse no espírito desta iniciativa, implantándose os Programas de Soporte á Xestión económica de grupos de investigación (denominados programas-soporte), que permitiron consolidar e mellorar a xestión económica da actividade investigadora destes grupos.

Vista a evolución dos programas-soporte dende a súa implantación, fíxose necesario unha redefinición co obxectivo de melloralos e ser máis áxiles en canto a súa aplicación, por iso creouse este novo programa de Accións Estratéxicas a partires de 2023.

No presente protocolo, e sen prexuízo do cumprimento das correspondentes normas de execución dos orzamentos anuais da Universidade, detállase o procedemento para a solicitude, autorización, xestión e execución das accións estratéxicas aplicable a partires da súa entrada en vigor, complementando ao protocolo aprobado para 2023.

1- Obxecto

O Programa de Accións Estratéxicas para Grupos de Investigación (AEI-UVIGO) consiste na apertura, previa autorización da Xerencia á proposta da Vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia, de aplicacións orzamentarias de gasto para a xestión económica relacionada co

mantemento ao longo do tempo das actividades de I+D+i dos grupos, institutos e centros de investigación da Universidade de Vigo.

2- Grupos destinatarios

A solicitude dunha AEI-UVIGO pode ser realizada por calquera grupo de investigación, así como por agrupamentos de investigadores/as ou conxuntos de grupos de investigación. Unha persoa unicamente poderá participar nunha AEI-UVIGO, agás os directores/as dos centros ou institutos de investigación. A solicitude dunha AEI-UVIGO deberá ser realizada polo director/a ou investigador/a principal do grupo ou agrupamento.

Tamén poderán solicitar unha AEI-UVIGO os institutos universitarios de investigación e os centros de investigación recoñecidos na Universidade de Vigo, mediante petición da persoa responsable do mesmo.

3- Procedemento e período de solicitude

A solicitude deberá ser presentada na Vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia utilizando o formulario correspondente, que estará dispoñible na web da Universidade, no que se indicarán os datos e a composición do grupo ou agrupación solicitante, así como unha breve descrición das actividades de I+D+i previstas, os ingresos iniciais e unha estimación aproximada dos gastos a realizar, debendo quedar patente a viabilidade da planificación proposta.

No caso de recibir a autorización da Vicerreitoría con competencias en Investigación e transferencia, o servizo de apoio a investigación rexistrará no programa informático todos os datos relativos a actuación e remitirá á xerencia a documentación necesaria para a dotación de crédito da correspondente aplicación orzamentaria.

Calquera modificación nas persoas participantes na AEI-UVIGO deberá ser autorizada, previa solicitude, pola Vicerreitoría con competencias en Investigación e Transferencia. A baixa de participantes non suporá en ningún caso a retirada dos fondos previamente aportados á acción.

A solicitude de apertura ou prórroga dunha AEI-UVIGO estará aberta todo o ano (agás nas datas de peche do exercicio económico). Cando se solicite a apertura dunha AEI, e da súa correspondente partida orzamentaria, nunha data diferente ao 1 de xaneiro, entenderase, a efectos de duración, que o primeiro ano será dende a data da súa apertura ata o 31 de decembro do ano en curso. En todo caso, a data de remate das AEIs-UVIGO coincidirá sempre co 31 de decembro do ano que corresponda á súa duración inicial ou prórroga.

A Vicerreitoría con competencias en Investigación e Transferencia pode establecer de modo específico un prazo distinto. Así mesmo, esta Vicerreitoría poderá, en casos excepcionais, cancelar unha AEI-UVIGO.

4- Duración e dotación

Unha AEI-UVIGO poderá ter unha duración inicial de un, dous ou tres exercicios orzamentarios, considerados dende 1 de xaneiro (salvo nos casos indicados no punto 3) ata 31 de decembro, e será prorrogable anualmente ata unha duración total máxima de tres exercicios, prorrogables unha vez, sempre que se dispoña do financiamento mínimo anual esixido. A solicitude de prórroga levará aparelado un compromiso de execución de gasto, para o seu primeiro ano prorrogado, por un importe igual ou superior ao 50% da dotación inicial do último ano de vixencia inicial da AEI.

O financiamento mínimo necesario é de 5.000 € de media anual, de acordo ao período de vixencia solicitados. Ademais da dotación inicial, poderán efectuarse dotacións de fondos adicionais durante o período de vixencia.

Como criterio dotacional dos orzamentos das AEI poderase ter en conta, entre outros:

- Os importes de Produción de investigación e Produción de transferencia que correspondan, de acordo á convocatoria correspondente e aos acordos cos departamentos.
- Recursos asociados ao mantemento das actividades de transferencia amparadas no artigo 60 da LOSU, de acordo á normativa reguladora deste tipo de actividades na Universidade.
- Outros recursos non finalistas, sempre dentro do marco de execución orzamentaria correspondente

Tendo en conta o anterior, a dotación orzamentaria da AEI-UVIGO poderá realizarse mediante:

- Transferencias de crédito doutras aplicacións orzamentarias, sempre que cumpran co establecido nas normas de execución do orzamento.
- Redistribucións de crédito efectuadas dende as aplicacións que xestiona a Vicerreitoría con competencias en Investigación e Transferencia.
- Xeracións de crédito derivadas de actividades de mecenazgo ou donacións, así como de Cátedras financiadas.
- Xeracións de crédito provenientes dos ingresos por congresos, xornadas ou cursos, sempre que os gastos asociados a estes eventos se imputen na mesma aplicación orzamentaria.

En ningún caso poderán dotarse as AEI-UVIGO con axudas públicas ou recursos suxeitos á xustificación de axudas públicas.

5- Gastos imputables

Poden imputarse co cargo á AEI-UVIGO os gastos derivados da execución de actividades de I+D+i:

- Material funxible, incluíndo material informático e de oficina
- Material inventariable
- Contratación laboral de persoal vinculado ás liñas de investigación, incluíndo custos de persoal contratado con cargo a outras partidas do mesmo grupo/agrupación/centro/instituto con insuficiencia de crédito.
- Complementos salariais do persoal contratado baixo algunha modalidade de axuda específica de Recursos Humanos de Investigación sempre que a convocatoria inicial o prevea. En todo caso, o recoñecemento dun complemento ao persoal contratado en virtude de convocatorias obxecto de financiamento alleo deberá ser aprobado polo Vicerreitorado competente en materia de Investigación, previo informe favorable da Xerencia en canto a súa contía e configuración e integrará as condicións do contrato de traballo por todo o período de duración, tal e como indica a normativa de contratación de persoal da Universidade de Vigo.
- Desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo
- Custos de reparacións e mantemento de equipos e instalacións
- Contratación de servizos externos
- Custos relacionados coa organización e/ou asistencia a congresos, reunións ou seminario de carácter científico, investigador ou de transferencia.
- Outros gastos.

Non é posible o financiamento de bolsas con cargo ás AEIs

En todos os casos, deberase ter en conta a normativa en vigor da Universidade e os procedementos de tramitación que correspondan.

6- Dotación orzamentaria para anos sucesivos

A execución de gasto no programa-AEI-UVIGO debe reflectir claramente a actividade investigadora e de transferencia do grupo e permitir o mellor desenvolvemento e o mantemento no tempo das

súas actividades. Na elaboración dos orzamentos, a dotación de crédito para as AEI aprobadas por período superior ao ano, que deban manterse en vigor no respectivo exercicio, realizarase en función da execución do exercicio anterior, das disponibilidades orzamentarias, e marco orzamentario da Universidade, tida conta os principios básicos e normas legais e regulamentarias de carácter orzamentario.

O crédito orzamentario máximo para o conxunto das AEI será establecido nas normas de execución orzamentaria de cada ano.

7- Informe de actividades

O persoal investigador coordinador da AEI-UVIGO deberá presentar na Vicerreitoría con competencias en Investigación e transferencia, no mes seguinte á finalización da vixencia da acción ou xunto coa solicitude de prórroga, de ser o caso, un breve informe detallando as actividades realizadas, os resultados obtidos e o impacto para o mantemento da actividade investigadora da AEI, segundo o formato dispoñible na web da Universidade. A Vicerreitoría poderá tomar as medidas oportunas en caso de non entregarse a memoria, incluíndo, de ser o caso, a devolución dos fondos ou a imposibilidade de presentarse a outras axudas de investigación da Universidade de Vigo.

8 – Suxeición á normativa orzamentaria legal e regulamentaria

O presente protocolo queda suxeito a normativa xeral e principios reguladores dos Orzamentos da Universidade de Vigo

9 – Entrada en vigor

Este protocolo para o desenvolvemento das AEI entrará en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación en Consello de Goberno.